

TODOS VÓS SODES CAPITÁNS

[Oliver Laxe, 2010]

187

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 3 E 4 DE XANEIRO DE 2017 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

FICHA TÉCNICA

Todos vós sodes capitáns (2010, 79')

Dirección: Oliver Laxe

Guión: Oliver Laxe

Participación: Shakib Ben Omar, Nabil Dourgal, Mohamed Bablough, Said Targhzaou, Asharaf Dourgal, Mohamed Selushi, Redouan Negadi, Youssef Boughari, Bilal Belcheikh, Oliver Laxe

Montaxe: Fayçal Algandouzi

Son: Albert Castro Amarelle, Nicolás Barrena, Simohamed Fettata

Fotografía: Ines Thomsen

Produtora: Zeitun Films (España)

Distribución: Zeitun Films

Formato de proxección: DCP 2K

Idioma orixinal: Árabe, francés, español

FESTIVAIS

Cannes 2010 (Premio FIPRESCI da Quincena de Realizadores), Xixón 2010 (Premio do Xurado Mozo), Mar del Plata (Sección oficial), Uruguai 2010 (Mellor filme da sección latinoamericana)

SINOPSE

Un cineasta europeo realiza un filme con nenos que viven nun fogar de acollida de menores en Tánxer, Marrocos. Ensaio visual a medio camiño entre o documental e a ficción que parte da experiencia persoal do propio cineasta.

«Nin compasiva nin indulxente, nin colonialista nin con mala conciencia, é máis un filme sobre a necesidade de facer filmes que sobre un grupo de nenos cunha cámara»

Gonzalo de Pedro, PÚBLICO



TODOS VÓS SODES CAPITÁNS

[Oliver Laxe, 2010]

“Mirar como un neno”

Por Víctor Paz Morandeira

Moito se falou de *Todos vós sodes capitáns* nos últimos meses grazas ao premio FIPRESCI que logrou en Cannes 2010. Do que non se dixo apenas palabra é da traxectoria anterior do seu autor, Oliver Laxe, que chega á súa primeira longa tras a construción progresiva dunha ollada propia en tres traballos moi coñecidos en Galicia pero case invisíbeis no exterior. Estas son as curtas *Grrr! N°7* e *las chimeneas decidieron escapar* (2006) e *Suena la trompeta ahora veo otra cara* (2007) e a mediametraxe *París#1* (2007).

As tres, totalmente experimentais, definen algunhas das constantes formais deste cineasta. A primeira, aínda cando o dixital tería proporcionado un achegamento máis práctico ao cinema de non ficción ao seu autor, é unha aposta absoluta polo celuloide; un formato que usa cunha ollada contemplativa e poética. Algo que é resultado dun proceso de traballo moi intuitivo no que Laxe roda primeiro o que lle interesa como experiencia estética e logo tenta enxergar o que hai tras esas imaxes, o que significan como tales sen subliñalas.

O seus filmes poderían ir na liña de cineastas como Ben Russell, Jem Cohen ou Peter Hutton, que se ven a si propios máis como pintores ou fotógrafos ca como directores de cinema. Non en van, Laxe comentou que naceu no século trabucado porque se sente e expresa como un romántico, como un poeta que tenta observar a realidade cunha ollada limpa, coma mirada do neno. Neste aspecto xa estaba presente na súa máis depurada *París#1*, rodada en Galicia co colectivo QQ baixo as mesmas constantes, nas que xa se insertaban diálogos puntuais recollidos con quen filmas un rostros; sen subliñar nin construír, limpos, significando a imaxe polo que é.

Estes elementos chegan a *Todos vós sodes capitáns* amplificados e enfrontados a un control narrativo que o propio realizador se impón. O filme é o resultado dun taller de cinema realizado en Tánxer con rapaces conflictivos cos que Laxe traballou como profesor. A visión do autor sobre o cinema contraponse á dos nenos, que queren construír en todo

momento unha historia con introdución, nó e desenlace. Este choque dialéctico desequilibra o filme e convérteo en algo fráxil e é nesa imperfección onde se atopa o seu maior reclamo e significado.

Ironicamente, Laxe precisa de ferramentas narrativas para contar a súa relación co alumnado, mais son eles os que acaban adquirindo sen querer a súa visión. Nunha das escenas máis naturais do filme, que se move entre a ficción e o documental, os rapaces reprochan primeiro ao realizador a falla dun argumento pero despois acaban querendo filmar oliveiras polo que son, por puro pracer estético, sen guión. Xogan. E esta secuencia aparentemente sinxela concentra o que é o cinema, cando menos unha forma de entendela que loita contra a estandarización mercantil da mirada.

Capitáns e, entre outras cousas, a crónica dun fracaso á hora de estudar ao *outro* sociolóxico con ollos limpos e, á súa vez, eríxese en parodia da visión eurocentrista cara a África ao ter un profesor-director que controla os destinos dos seus alumnos nunha espiral narrativa que creou para se aproveitar deles artisticamente. Entendendo a vida como caos cruel e sen sentido, como un mundo escuro. Laxe entrégase tamén á arte como proceso catártico, como baile, como xogo de nenos que rin ante as adversidades tentando enxergalas.

En definitiva, un filme que destila tantas lecturas e dunha capacidade hipnótica tan pronunciada por obra e grazas das súas fermosas imaxes debe significar algo gordo. Se cadra a Laxe lle falte depurar e definir un estilo que só está a despuntar como un iceberg, mais o que está claro é que goza dunha interesantísima ollada propia e que está chamado a ser converter nun dos grandes valores do cinema español.

Publicado en xaneiro de 2011
en <http://cinentransit.com/>

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME